



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Número 457
8 de abril de 2019



CSV: BOPGDSPGwVcEu3er5

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 41116 (10/PNC-003337)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de posibilitar a permanencia das prazas residenciais para a terceira idade e o mantemento dos postos de traballo da residencia Valle-Inclán, no concello de Vilanova de Arousa, así como o incremento das prazas públicas de residencia para persoas maiores na comarca do Salnés [156092](#)

Rexeitamento das iniciativas

I 37035 (10/PNC-002984)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co número, incorporación, adscrición e servizo que prestan os traballadores e traballadoras sociais do Servizo Galego de Saúde [156092](#)

I 41792 (10/PNC-003405)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa incorporación dos servizos de psicoloxía clínica á rede sanitaria pública e o incremento da dotación de facultativos desa especialidade [156093](#)

I 43700 (10/PNC-003501)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre a creación e posta en funcionamento pola Xunta de Galicia no ano 2019 de novos equipos de valoración e orientación da discapacidade para o norte da provincia de Pontevedra, así como o incremento dos postos de traballo dos existentes nela [156093](#)

I 46325 (10/PNC-003724)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis



Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa Lei orgánica 4/2015, de protección da seguridade cidadá, e o artigo 315.3 do Código penal, así como a actuación que debe levar a cabo en relación co exercicio dos dereitos e liberdades sindicais, nomeadamente o dereito á folga [156093](#)

I 47145 (10/PNC-003805)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a inclusión por parte do Goberno galego dunha ambulancia de soporte vital avanzado para a comarca do Salnés no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario terrestre que se está a iniciar [156093](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito galego

1.5.1.2. Consello de Contas

1.5.1.2.2. Plan anual de traballo

A COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA PARA AS RELACIÓNS CO CONSELLO DE CONTAS

Aprobación das recomendacións

I 41987 (10/CPAT-000003)

Consello de Contas

Plan anual de traballo do Consello de Contas de Galicia para o ano 2019 [156094](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 4 de abril de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 41116 (10/PNC-003337)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de posibilitar a permanencia das prazas residenciais para a terceira idade e o mantemento dos postos de traballo da residencia Valle-Inclán, no concello de Vilanova de Arousa, así como o incremento das prazas públicas de residencia para persoas maiores na comarca do Salnés

BOPG nº 394, do 05.12.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Promover as accións necesarias, xunto co Concello de Vilanova de Arousa, representantes do persoal da residencia, empresa e familiares das persoas usuarias, para acadar unha solución que permita a permanencia das prazas residenciais e o mantemento dos postos de traballo.
2. Fixar a primeira xuntanza cos axentes implicados nas vindeiras dúas semanas.
3. Aumentar as prazas públicas de residencia de maiores na comarca do Salnés.»

Rexeitamento das iniciativas

- 37035 (10/PNC-002984)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co número, incorporación, adscrición e servizo que prestan os traballadores e traballadoras sociais do Servizo Galego de Saúde

BOPG nº 362, do 26.09.2018



Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 41792 (10/PNC-003405)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa incorporación dos servizos de psicoloxía clínica á rede sanitaria pública e o incremento da dotación de facultativos desa especialidade

BOPG n.º 405, do 03.01.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 43700 (10/PNC-003501)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre a creación e posta en funcionamento pola Xunta de Galicia no ano 2019 de novos equipos de valoración e orientación da discapacidade para o norte da provincia de Pontevedra, así como o incremento dos postos de traballo dos existentes nela

BOPG n.º 418, do 24.01.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 46325 (10/PNC-003724)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa Lei orgánica 4/2015, de protección da seguridade cidadá, e o artigo 315.3 do Código penal, así como a actuación que debe levar a cabo en relación co exercicio dos dereitos e liberdades sindicais, nomeadamente o dereito á folga

BOPG n.º 434, do 20.02.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 47145 (10/PNC-003805)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a inclusión por parte do Goberno galego dunha ambulancia de soporte vital avanzado para a comarca do Salnés no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario terrestre que se está a iniciar

BOPG n.º 444, do 13.03.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2.^a



1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito galego

1.5.1.2. Consello de Contas

1.5.1.2.2. Plan anual de traballo

COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA PARA AS RELACIÓNS CO CONSELLO DE CONTAS

A Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, na reunión do 5 de abril de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación das recomendacións

- 41987 (10/CPAT-000003)

Consello de Contas

Plan anual de traballo do Consello de Contas de Galicia para o ano 2019

BOPG nº 413, do 17.01.2019

Recomendación núm.1

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar no exercicio 2019 avaliacións sobre os sistemas de prevención de riscos que permitan garantir o comportamento ético dos xestores públicos no sector público autonómico, as deputacións e os concellos de máis de 50.000 habitantes.

Recomendación núm.2

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a desenvolver neste exercicio actuacións destinadas a fomentar a conciencia e a participación cidadá a favor da transparencia e do comportamento ético.

Recomendación núm.3

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a asesorar o sector público autonómico, as deputacións e os concellos de máis de 50.000 habitantes na implantación de plans de prevención de risco da corrupción para a súa implantación neste exercicio.

Recomendación núm.4

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a manter con carácter periódico os informes sobre a actividade económico-financeira das entidades públicas dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

